



3º ENCONTRO  
**CELME  
DE ZANFONA**

3º ENCONTRO  
**AO REDOR DA  
ZANFONA**

**12-14  
MAIO  
2023  
CENTRAD  
LUGO**



**CELME  
DE ZANFONA**





**CELME DE ZANFONA** propón, neste 3º encontro, un paseo pola historia musical do instrumento desde as súas orixes ata o presente. Un equipo de profesionais, con longa traxectoria e recoñecido prestixio, abordarán os recursos expresivos, repertorios e cantos de acompañamento. Destacamos deste encontro a presentación do primeiro manual profesional para zanfona e a participación dun coro histórico na conservación e difusión de documentos únicos que, ademais, nos proporcionará a oportunidade de percibir no escenario o talento individual e colectivo de excelentes músicos colaboradores. Por outra parte, sírvenos para rememorar a creación da escola de gaitas e zanfona nesta Deputación de Lugo no ano 1983, combinando o ensino do instrumento co solfexo, contaba, ademais de Luciano Pérez, con profesores invitados como Claude Flagel e concertistas como Valentin Clastrier.

Con motivo dunha nova entrega da pegada que os artesáns-artistas foron deixando do instrumento ao longo da historia, propoñemos unha experiencia emocional e creativa coas novas xeracións, convocando un certame de debuxo para escolares, acción que nos axudará a entender, tamén, os procesos na materialización das obras á hora de interpretar as fontes documentais.

Celebramos, igualmente, a posta en marcha dunha nova escola de zanfona, na agrupación histórica, “Cántigas e Frores”, de Lugo, á que lle dedicamos o deseño dun modelo básico de zanfona bautizado co nome de **Esencia**, e que se pode descargar na web da Colección de instrumentos musicais e arquivo documental do CENTRAD:

[https://cultura.deputacionlugo.gal/gl/centrad/coleccion\\_instrumentos/celme\\_zanfona](https://cultura.deputacionlugo.gal/gl/centrad/coleccion_instrumentos/celme_zanfona)

#### ORGANIZA



#### COORDINA

Luciano Pérez

Colección de instrumentos musicais e arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo.

VENRES - 12 maio 2023

**17.00 h RECEPCIÓN E PRESENTACIÓN  
DO 3º ENCONTRO CELME DE ZANFONA**

**Efrén Castro.** Deputado da Área de Artesanía e Deseño  
**Luciano Pérez.** Coordinador CELME DE ZANFONA

**17.30 h - 19.00 h CLASES MAXISTRAIS DE ZANFONA**

15 alumnos  
Recursos expresivos  
**Vítor Soto**

**20.00 h CONCERTO NO AUDITORIO DO VELLO CÁRCERE  
OS CAMIÑOS DA ZANFONA**

Un paseo musical pola historia do instrumento.  
**Germán Díaz** con **Pablo Pascual, Efrén López e alumnado**



Germán Díaz



Efrén López



Pablo Pascual

SÁBADO - 13 maio 2023

**10.00 h - 11.30 h CLASES MAXISTRAS DE CANTO**

15 alumnos

Repertorios itinerantes

**Xosé Luís Rivas Cruz**

**11.30 h - 12.00 h DESCANSO**

**12.00 h - 13.30 h CONFERENCIA**

As músicas de tradición oral en diferentes culturas desde o ámbito das fontes, os/as intérpretes, o repertorio e os xéneros musicais, relación música-texto e a función social.

**Iván Abal Pulleiro**

**14.30 h COMIDA**

**16.30 - 18.00 h PRESENTACIÓN DO MANUAL GALEGO DE ZANFONA**

Propósitos e desafíos, aspectos que aborda **Suso Vaamonde**


**18.30 - 19.30 h Proxección do documental  
DE CÂNTIGAS DA TERRA A MIRO CASABELLA**

Sala CENTRAD

**20.00 h CONCERTO NO PATIO DO VELLO CÁRCERE**

Espectáculo de Cantigas da Terra "ARREDOR DA RODA" coas colaboracións de **Miro Casabella**, **Suso Vaamonde**, **Iván Abal Pulleiro**, **Germán Díaz** e **Vítor Soto**.

Miro Casabella



Cantigas da Terra



**DOMINGO - 14 maio 2023**

**10.00 h - 11.30 h CLASES MAXISTRAIS DE ZANFONA**

15 alumnos

Repertorio, dixitacións e recursos

**Suso Vaamonde**

**12.30 h - 13.30 h CONCERTO NO AUDITORIO DO VELLO CÁRCERE**

**NOVAS MÚSICAS**

Creación electroacústica, minimalista; un concerto no que folclore e tecnoloxía se funden nunha nova linguaxe coa tradición musical galega.

**David Bellas e Iván Abal Pulleiro**



Iván Abal Pulleiro



David Bellas

## ACTOS COMPLEMENTARIOS

### Contextos

#### PASE DE IMAXES

##### A ZANFONA NA REDE, VITRAIS

**Il entrega do traballo de recolla da impronta que os artesáns-artistas foron deixando do instrumento ao longo da historia.**

**Francisco Maañón**

**Participación dos escolares na Recreación dun vitral, con zanfona emparellada con outros instrumentos.**

**Exposición das obras na sala CENTRAD do 1 ao 30 de maio.**

**Francisco Maañón. Marta García**

## INSCRICIÓNS

a través do correo-e:

[celmedezanfona@gmail.com](mailto:celmedezanfona@gmail.com)

### CLASES MAXISTRAIS

As inscricións nas clases maxistras serán por rigorosa orde de chegada das solicitudes, ata un número máximo de 15 persoas por curso. No caso de ter interese en participar en máis dun curso, fai constar a orde de preferencia e comunicarémolosche en cales tes praza ao finalizar o prazo de inscrición.

A **data límite** para inscribirse é o **xoves 11 de maio, 12.00 h.**

Datos necesarios:

**Nome e apelidos**

**Número do documento de identidade**

**Número de teléfono**

**Clases maxistras ás que queres acceder**

### XANTARES

Se desexas **anotarte para o xantar** conxunto do **sábado** encargámonos da xestión da reserva nun restaurante que dispón de menú a prezos populares. Mándanos un correo-e a este mesmo enderezo, indicando os teus datos.